

FORMACIÓN DE COORDINACIÓN DE SERVICIOS DE SOCORRISMO EN INSTALACIONES E ESPAZOS NATURAIS ACUÁTICOS

No marco do Proxecto EIXO_Estratexia de Inserción Xove da liña 4 do Plan de Emprego Local da deputación da Coruña, estase a programar a impartición das accións formativas, específica e complementaria, do Itinerario de Actividade Física e Deportiva que inclúe o acceso ao certificado de profesionalidade de nivel 3:

AFDP0211 COORDINACIÓN DE SERVICIOS DE SOCORRISMO EN INSTALACIONES E ESPAZOS NATURAIS ACUÁTICOS (RD 1076/2012, de 13 de julio).

A formación teórico-práctica realizarase nas instalacións da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia na cidade da Coruña, e o inicio da formación está previsto para a última quincena de novembro.

A xornada formativa obrigatoria a desenvolver en horario de mañá, contempla as horas de formación propias do certificado de profesionalidade xunto cas horas correspondentes á formación transversal e complementaria en igualdade de oportunidades, lingua estranxeira e novas tecnoloxías, así como sesións grupais e individuais de orientación e desenvolvemento de competencias e habilidades para a inserción laboral.

As persoas interesadas en realizar esta formación deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1- Ter entre 16 e 30 anos.
- 2- Estar inscrito/a como demandante de emprego (non se considerarán as tarxetas de demanda de mellora de emprego)
- 3- Cumprir os requisitos de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 3
- 4- Estar inscrito/a no rexistro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Só será asignada unha praza a cada concello, polo que, no caso de haber máis dunha solicitude, será o persoal municipal o que se encargue de facer unha primeira selección.

As persoas interesadas deben cubrir a instancia de solicitude e acompañala da seguinte documentación:

1. Copia do DNI.
2. Tarxeta ou documento que acredite o número de Afiliación á Seguridade Social
3. Certificado/volante actualizado de empadramento

4. Tarxeta de demanda de emprego debidamente actualizada
5. Documento que acredite o requisito de acceso a certificados de profesionalidade de nivel 3
6. Documento que acredite a inscrición no rexistro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (Acceso a zona persoal na plataforma de Garantía Xuvenil e descarga no apartado de “notificacións” do documento, en formato “pdf”, que acredita que a persoa solicitante está rexistrada e é beneficiaria do sistema)

O prazo para a entrega de solicitude de participación e documentación que acredite o cumprimento dos requisitos remata o venres 9 de novembro ás 14:00 h.

Para máis información pode contactar co Servizo de Orientación:

Curro da Praza s/n (Muros)

Tel.: 981 826 050

Enderezo de correo: orientacion.laboral@outes.es

Atención ao público: Luns e martes de 08:30 a 14:30 h